

MEMORIA PROXECTO:

# **“PASIÑO A PASIÑO , FAISE O CAMIÑO”**



1º CICLO. CEIP SAN TOMÉ. CAMBADOS

CURSO 2021- 2022

VIII CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS. MODALIDADE 2

## A. INTRODUCCIÓN.

Este proxecto nace no CEIP San Tomé, centro situado na vila de Cambados, sendo o número de alumnado matriculado no presente curso de 387 nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria, e en concreto de 98 alumnos/as no 1º ciclo de Educación Primaria, xa que o centro é de liña 2 ( 2 aulas por cada nivel). Polo tanto o profesorado participante no proxecto foi os titores do 1º e 2º nivel (4 mestres/ as). A idea desde proxecto xurde , co motivo da celebración do Ano Santo Xacobeo. Así pensamos que era necesario dar a coñecer accións que puxeran en valor este patrimonio tan noso e universal como é o Camiño de Santiago. Ademais o noso centro, este ano, elixiu como tema para o PDI da biblioteca de centro: “ O Camiño de Santiago”

A nosa vila, Cambados, está emprazada, na Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e o río Ulla, a cal conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do apóstolo Santiago tras o seu martirio en Xerusalén, arredor do ano 44. Esta ruta combina auga e terra e percorre localidades bañadas polo mar e a ría , sendo fácil desfrutar da beleza das praias, o valor de numerosas construcións históricas, paisaxes naturais, etc...

Polo tanto, cremos que este proxecto podería axudar a divulgar, sensibilizar e promocionar un dos Camiños de Santiago e do Xacobeo máis bonitos, a través do conto, a historia, os monumentos, a lectura, etc... convertendo ao noso alumnado en futuros divulgadores do Camiño. Polo tanto o noso produto final sería facer unha “ **Exposición da Ruta do Mar de Arousa e o río Ulla**”.

Para levar a cabo este proxecto fixemos un calendario coas tarefas previstas:

-1º Trimestre. Fase 1 :Análise e diagnóstico.

- 2º Trimestre. Fase 2: Investigación.

- Finais do 2º Trimestre e 3º Trimestre. Fase 3 y 4: Elaboración dos produtos finais, exposición e divulgación.

A continuación paso a expoñer os principais **aspectos pedagóxicos** traballados a través deste proxecto ( Recollidos na nosa programación de aula de cada nivel e no Decreto 105/2014 do 4 setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia):

| FASE                                      | CONTIDOS 1º - 2º EP                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 1º - 2º                                             |                                                                                       | C.B                                              |
|-------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>FASE 1:<br/>Análise e diagnóstico.</b> | B1.3. Participación en situación de comunicación de aula.<br>B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.<br>B2.3. Comprensión de textos de diversa tipoloxía.<br>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes<br>B1.5. O traballo cooperativo.<br>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade<br>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos<br>B3.7. Manifestacións culturais da contorna.<br>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.<br>B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta<br>B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.<br>B3.2. Estimación de resultados de medidas.<br>B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial. | CNB 1.3.1<br>C.N.B.1.2.1<br>CNB1.5.1<br>CSB 3.8.1<br>CNB 5.1.2<br>L.C.B.2.1.1 | L.C.B 1.3.1<br>MTB2.1.1.<br>MTB2.3.2.<br>MTB2.4.1.<br>EP1.3.1.                        | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCT<br>CD |
| <b>FASE 2:<br/>Investigación</b>          | B1.6. Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía.<br>B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade.<br>B2.4. Lectura de diferentes textos como fonte de información e de lecer.<br>B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector<br>B3.4 Producción de textos segundo Plan de escritura.<br>B5.2. Lectura guiada e comentada de textos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | CNB 3.1.1<br>CNB 3.2.1<br>CSB 2.5.1<br>CSB 2.1.1<br>CSB.4.4.1<br>L.CB.3.3.1   | CNB 1.2.1<br>L.C.B.1.5.1<br>L.C.B.2.1.1.<br>L.C.B.2.4.1<br>L.C.B.2.5.1<br>L.C.B.5.2.1 | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCT<br>CD |

|                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                            |                                                                                    |                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                | <p>narrativos de tradición oral, literatura infantil.</p> <p>B2.1.A contorna física: observacións das características principais.</p> <p>B4.4.O patrimonio histórico, cultural e artístico.</p> <p>Coidado e conservación</p> <p>B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.</p> <p>B3.2. Estimación de resultados de medidas.</p> <p>B5.1. Recollida e clasificación de datos.</p> <p>B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.</p> <p>B2.12. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental</p> <p>B3.2. Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo.</p> <p>B3.1. Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.</p> <p>B4.1. Elaboración de simetrías sinxelas</p> <p>B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno.</p> <p>B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.</p> <p>B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.</p> <p>B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.</p> <p>B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego</p> | <p>MTB2.4.1.</p> <p>MTB3.1.1.</p> <p>MTB2.1.1.</p> <p>MTB4.1.1</p> <p>EPB1.5.2.</p>                        | <p>MTB5.1.1.</p> <p>MTB2.3.1.</p> <p>MTB3.2.1</p> <p>EPB1.1.1.</p> <p>EPB2.2.2</p> |                                                                                 |
| <p><b>FASE 3 - 4:</b><br/><b>Elaboración dos produtos final, exposición e divulgación.</b></p> | <p>B1.10 Producción de textos orais breves e sinxelos</p> <p>B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</p> <p>B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.</p> <p>B2.3.A paisaxe natural. O coidado e a contaminación.</p> <p>B4.8. Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos.</p> <p>B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo.</p> <p>B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | <p>L.C.B.1.9.1.</p> <p>CNB 4.1.1.</p> <p>LCB 5.8.1</p> <p>CSB 1.2.1</p> <p>CSB 4.5.2</p> <p>CSB. 2.5.1</p> | <p>L.C.B.1.3.1</p> <p>MTB.4.4.1.</p> <p>EP1.2.1.</p> <p>EPB2.2.2</p>               | <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CMCT</p> <p>CD</p> |

## **B. TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN PROPOSTA.**

Como xa se recolle no apartado anterior, a temática do proxecto é o Camiño de Santiago, e concretamente , a Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e o río Ulla. Os nosos obxectivos específicos foron os seguintes:

- Divulgar, sensibilizar e promocionar a Ruta Do Mar de Arousa e o río Ulla.
- Contribuír a que o alumnado coñeza o patrimonio cultural, literario e lingüístico vinculado ao tramo do Camiño de Santiago: A Ruta do Mar de Arousa.
- Dar a coñecer contos, lendas e todo o material lingüístico relacionado co camiño de Santiago.
- Darlle protagonismo ao alumnado como voceiros e divulgadores do Camiño de Santiago e do Xacobeo.
- Transmitir aos alumnos/as os valores do Camiño e do Xacobeo: solidariedade, respecto a natureza, tolerancia, empatía,...

## **C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.**

Para levar a cabo o proxecto e a elaboración do produto final, pasamos por diferentes fase de deseño e elaboración. A continuación paso a describilas brevemente:

- 1) **Fase de análise e diagnóstico:** Introducción sobre “O camiño” en xeral, e sobre “A Ruta do mar de Arousa” : orixe, historia e etapas.

- 2) **Fase de investigación:** Realización dunha unidade didáctica globalizada e “Retos” ( matemáticos, lingüístico, científico e plástico) sobre o camiño e en particular sobre a Ruta do Mar de Arousa. Inclúe tamén lectura de libros ( e actividades relacionadas) sobre o camiño de Santiago.
- 3) **Fase elaboración dos produtos finais:** dunha exposición no colexio e un anuncio de radio sobre a ruta( Inclúe a saída en barco para vivenciar dita Ruta xacobeá).
- 4) **Fase de exposición e de divulgación.**

Ademais todas as actividades levadas a cabo neste proxecto, realizáronse ao longo de todo o ano pero especialmente no 2º trimestre. Empregamos metodoloxías activas, participativas e funcionais que favoreceron a que o alumnado coñecera o Camiño de Santiago e esta ruta do camiño dunha maneira significativa ,a través de tarefas lúdicas que contribuíron a acadar os obxectivos plantexados e a realización do produto final.

#### **D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.**

- Presentación do camiño de Santiago.
- Escolla de libros sobre o Camiño de Santiago.
- Presentación da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla.
- Unidade globalizada feita para o alumnado do 2º nivel de Educación Primaria.

- Retos do Camiño elaborados para o alumnado do 1º nivel de Educación Primaria.
- Fichas de lingua sobre o camiño de Santiago para o 1º nivel.
- Actividades para traballar arredor do libro de lectura: “ Buen camino, Celestino”.
- Credencial feita para o alumnado do 1º ciclo
- Elaboración de diferentes vídeos con fotos de todo o proceso e da saída en barco.

Toda a documentación detallada neste apartado pode descargarse no seguinte **sitio web** creado especialmente para este proxecto:

<https://sites.google.com/ceipsantomecambados.com/vexoveoxacobeo/inicio>

### **E. TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**

Como xa diximos, as actividades realizadas englobáanse en 4 fases e foron levadas a cabo ao longo de todo o curso e moi especialmente durante o segundo trimestre. A continuación pasamos a describilas máis detalladamente:

#### **1. Fase de análise e diagnóstico. Que sabemos? Preparando a viaxe.**

Nesta fase fixemos unha introducción xeral sobre o Camiño de Santiago e despois máis concretamente sobre a Ruta do mar de Arousa e o Río Ulla. O primeiro foi escribir o que coñecíamos do camiño. Despois o alumnado tivo

que levar a cabo diferentes actividades e facer 4 "Retos iniciais" sobre o camiño . Entre eles:

- Coñecer a mascota do proxecto: Calixtina. Ademais tiveron que escribir diálogos coa nosa mascota de centro, Lectoriño.
- Coñecer e escribir a vestimenta actual e antiga do peregrino/a.
- Coñecer, elixir e facer e mochila do peregrino. Comparar pesos.
- Coñecer e comparar as distancias e as rutas máis importantes do camiño.
- Traballar e coñecer que son os albergues( Medir perímetros).
- Construír un botafumeiro con diferente material e coñecer o mecanismo da polea.
- Traballar a simboloxía do camiño: as cunchas, a frechas, as cabazas, etc,...
- Actividades lingüísticas: crucigramas sobre o camiño, lectura de poemas e refráns, ditos do camiño,..( Decoramos a porta con todo o investigado).
- Lectura de diferentes contos infantís sobre o camiño e lecturas comprensivas ( escritas e orais) sobre diversos aspectos: o códice, lendas, camiños, etc...
- Realizar actividades plásticas coma: decorar unha vieira e facer un colgante, debuxos do camiño que acompañen a un poema, facer o disfrace de cunchiña par ao entroido, pintar a nosa mascota facendo a ruta,etc...
- Ademais incluímos nesta apartado: " A acreditación do peregrino". Explicamos en que consistía, vimos unha real e entregámoslles a súa propia para que a foran completando con cada reto e actividade superada.



Por último, tamén introducimos o inicio da viaxe cunha presentación en powerpoint sobre a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla.

## **2. Fase de investigación. Que é a Ruta do Mar de Arousa e o Río Ulla?.**

Nesta fase as actividades globalizadas e os Retos ( matemáticos, linguístico, científico e plástico) céntranse concretamente na Ruta do Mar de Arousa e o río Ulla. Entre as actividades realizadas están:

- Coñecer o mapa, as etapas e pobos que compoñen a Ruta Xacobeana e comparar distancias.
- Comparar as paisaxes de interior coas de costa( e reproducilas en plastilina e outros materias).
- Coñecer e diferenciar elementos naturais e artificiais.
- Resolver problemas matemáticos sobre as distancias das diferentes etapas que compoñen a Ruta.
- Calcular e facer sumas e restas coas etapas de a Ruta.
- Interpretar escalas e mapas: mapa da plaza do obradoiro, calcular o perímetro da catedral, de albergues e a altura da catedral.
- Lectura de poemas e lendas sobre a ruta xacobeana e a traslatio.
- Realización do experimento: Por que flotan os barcos?
- Realización de actividades plásticas: reproducir figuras co tangram ( bicicleta, barco, peregrino,..), reproducir coas regletas a simetría da cunchiña, facer un colgante coa frecha do camiño e facer un cadro creativo sobre o camiño.

- Xogar a xogos do camiño coma o 3 en raia, a Oca do camiño, os chinos, os bolos , o dominó e as cartas.

- Realizar actividades relacionadas co libro de lectura escollido : " Buen camino, Celestino".

Ademais de todo isto, nesta fase, cada aula traballa e investiga sobre dúas etapas da ruta. Por parellas, en grupos e de maneira individual, investigan un pobo das etapas que lle tocara ( toponimia, lugares de interese,lendas, distancias, monumentos e gastronomía).

### **3. Fase elaboración dos produtos finais.**

Nesta fase se elabora o material para exponer cada unha das etapas da Ruta do Mar de Arousa( en 2º EP con axuda das familias). Entre o material que se elabora está: carteis que recollen o investigado anteriormente, libros , elaboración de esculturas dalgúns dos monumentos máis representativos dos pobos polos que pasa a ruta, elaboración do mapa da ruta coas diferentes etapas, elaboración do mural para expoñer os traballos, etc,...

Ademais, cada grupo, parella o alumno/a expoñe oralmente aos demais compañeiros/as o investigado.

Nesta fase é cando tamén realizamos a saída en barco para vivenciar dita Ruta xacobeá e preparamos os borradores para facer un anuncio radiofónico para promocionar a Ruta.

#### **4. Fase de Exposición e de divulgación.**

Nesta fase o alumnado expoñe os seus traballos, murais, carteis, esculturas, etc... no colexio e faise o mural de toda a ruta. Ademais grábanse os anuncios de radio para promocionala. Tamén faise unha exposición dos cadros feitos polos nenos e nenas que pode ser visitado polas familias.

Todo o descrito neste apartado atópase de maneira gráfica e documental no seguinte sitio web creado especialmente para este proxecto:

<https://sites.google.com/ceipsantomecambados.com/vexoveoxacobeo/inicio>

[cio](#)

#### **F. RECURSOS E FONTES CONSULTADAS.**

1. RECURSOS PERSOAIS: precisamos do grupo de alumnos/as das 4 aulas, os 4 mestres/as titores/as, as mestras de apoio, a mestra de PT e a mestra de AL, equipo da biblioteca e as familias.
2. RECURSOS MATERIAIS: cunchas de vieira, material para os experimentos, fichas elaboradas, credencial e sellos, regretas, tangram, mapas, material para representar as paisaxes, libros de lectura e fondos documentaia sda biblioteca, cadros, material para modelar, xogos de mesa , a radio escolar, ordenador e impresora.
3. RECURSOS ORGANIZATIVOS: O noso alumnado está organizado en grupos cooperativos de 4- 5 alumnos/as e o tempo organízase basicamente comezando cunha asemblea, traballo de mesa( individual ou grupal), tempo de lecer, tempo de letura e Retos.

4. FONTES CONSULTADAS: O material bibliográfico e os recursos dixitais que os alumnos e alumnas e profesorado consultaron , entre outros son os seguintes:

- Leyendas del Camino de Santiago. Juan G. Atienza.EDAF.
- ¡Buen camino, Celestino!, Gracia Iglesias y Sara Sánchez . Ediciones Jaguar.
- Marosa e Mariña camiñan a Compostela. López y Romero. Xerais.
- El camino de Santiago de la A a la Z. Everest.
- Un noruego en el camino de Santiago. Jason. ASTIBERRI.
- El Camino de Santiago, Ovidio Campo y Roser Calafell . La Galera.
- Formigas. Misión camiño de Santiago. Xerais.
- Los tres peregrinos. Ana Alonso. Anaya.
- ¡Buen camino, Jacobo!, Fernando Lalana . Ediciones Bambú.
- ¡Buen Camino!, Rafa Ocón y Noe Escalera (LibrosQR)
- <https://www.caminodesantiago.gal/es/inicio>
- <https://www.caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas/ruta-del-mar-de-arousa-y-río-ulla>
- <https://vivecamino.com/ruta-del-mar-de-arousa-y-río-ulla/etapas/>
- [https://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/recursos\\_jcyl/camino\\_aula/CD4/pagframes/pres.htm#ç](https://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/recursos_jcyl/camino_aula/CD4/pagframes/pres.htm#ç)
- <https://pdirecursos.wordpress.com/monograficos-efemerides/el-camino-de-santiago/>
- <http://www.artehistoria.com/v2/videos/844.htm>

- <http://actualidadsinlimitess.blogspot.com.es/2012/12/las-canciones-y-peliculas-del-camino-de.html>
- <http://catedraldesantiago.es/liturgia/#Botafumeiro>
- <https://www.santiagoturismo.com/percorrido/o-Botafumeiro>
- <https://www.elcaminoasantiago.com/news/Juegos.htm>
- [Experimento flotación barcos.](#)
- [Video explicativo do camiño](#)
- [Refranes, ditos do camiño.](#)

### **G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Este proxecto non podería saír adiante sen toda a implicación de todos os membros que forman parte da comunidade Educativa. O proxecto naceu da proposta de traballar a nivel centro esta temática neste ano. Non obstante, o proxecto levado a cabo polo 1º ciclo, pretendeu darse a coñecer a todo o centro e a comunidade educativa. Por exemplo: solicitamos recursos e dotación económica a Consellería de turismo, solicitamos axuda para elaborar os produtos finais á familia do alumnado, convocamos á toda comunidade para visitar a exposición de cadros do camiño e pedimos axuda en todo momento ao equipo de biblioteca para solicitar material bibliográfico e de consulta.

### **H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.**

Todo o traballo realizado ao longo deste proxecto foi recollido no sitio web: <https://sites.google.com/ceipsantomecambados.com/vexoveoxacobeo/inicio>, coa finalidade de que toda a comunidade educativa poida ter acceso, en calquera momento, as actividades que fixemos. Do mesmo xeito, tódalas fotos,

vídeos, montaxes, recursos, .. ao longo do curso foron colagdas e facilitadas nas nosas **aulas virtuais** para que o alumnado e a familia podera saber en todo momento o que estabamos a traballar. Ademais no Blog da biblioteca, tamén se recolleu o traballo realizado sobre o camiño en todo o colexio:

<https://sites.google.com/ceipsantomecambados.com/lectorino-no-camino/inicio?authuser=0>

### **I. AVALIACIÓN. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.**

Fixemos unha avaliación continua do proxecto que nos permitiu introducir as modificación oportunas ao longo do curso. Ademais da avaliación feita en relación aos criterios de avaliación e as competencias clave citadas anteriormente, especificamente, os criterios de avaliación do proxecto e a súa consecución , foron os seguintes:

- Identificar os elementos que definen ao camiño de Santiago e realizar unha investigación sobre un dos camiños que pasa por Cambados: A ruta Xacobeá do Mar Arousa e o río Ulla. Pensamos que acadouse xa que o alumnado coñeceu através da Unidade didáctica globalizada e dos Retos, que era o camiño, as rutas que hai, a vestimenta e a mochila do peregrino, onde descansan, xogos do camiño, simboloxía do camiño, a acreditación, como é a catedral. como funciona o botafumeiro, lendas e o patrimonio natural, cultural, arquitectónico e literario.
- Coñecer contos, refráns, cantigas e lendas relacionados co camiño de Santiago. Traballamos diferentes lendas nas clases e contos

relacionados co camiño, e especialmente traballamos un conto infantil:  
" Buen camino Celestino".

- Expoñer oralmente o produto final co obxectivo de que o alumnado coñeza o patrimonio cultural, literario e lingüístico vinculado ao tramo do Camiño de Santiago: A Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e o río Ulla. Acadouse grazas a investigación das etapas que compoñen a Ruta. Ademais cada clase tivo que preparar exposicións orais sobre cada uno dos pobos e vilas polos que pasa esta Ruta. De cada pobo e vila investigamos sobre a toponimia, gastronomía, patrimonio cultural, natural e arquitectónico, etc... Tamén o alumnado de 1º fixo anuncios de radio para promocionala. E por último, fixemos e vivenciamos a Ruta através dunha saída en barco.
- Promover a adquisición de valores e das competencias sociais e cívicas e a conciencia e expresións culturais. Este criterio traballouse en todas as actividades levadas a cabo no proxecto, sobre todo a conservación dos elementos patrimoniais da contorna.

Os instrumentos de avaliación empregados foron os seguintes:

- Observación directa sobre o proceso de aprendizaxe( intercambios orais, asemblea, posta en común, etc..)
- Revisión do traballo realizado polo alumnado (Fichas, producións do alumnado, os retos, resolución de problemas e caderno de clase).
- Rúbrica de traballo en grupo.

- Rúbrica da expresión oral.
- Rúbrica da comprensión oral.
- Rúbrica da competencia da expresión escrita.
- Credencial do alumno/a.

Os resultados obtidos foron moi positivos. Todo o alumnado acadou os obxectivos de maneira global.

## **L. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN**

### **TODO O PROCESO.**

A biblioteca escolar foi a fonte principal para as tarefas de investigación, xa que nos proporcionou todos os recursos documentais precisos e , ademais, o equipo de biblioteca é realmente quen propuxo para este curso a nivel de centro o PDI: “O Camiño de Santiago”. O equipo de biblioteca apoiou en todo momento o noso proxecto, adquirindo novos fondos relacionados co tema e seleccionando fondos relacionados que nos puidesen ser útiles na nosa investigación (libros de consulta, cómics, revistas, ...). Por unha parte, fixéronse dende a biblioteca unha serie de actividades relacionadas co proxecto que poden consultar nos seguintes enlaces:

<https://sites.google.com/ceipsantomecambados.com/lectorino-no-camino/inicio?authuser=0>

[https://www.ivoox.com/podcast-ceip-san-tome\\_sq\\_f11401207\\_1.html](https://www.ivoox.com/podcast-ceip-san-tome_sq_f11401207_1.html)